

CRITERIOS DE AVALIACION DO TRABALLO FIN DE GRAO
(Aprobados na comisión do Traballo Fin de Grao do 8 de abril de 2015)

CURSO: 2014 / 2015

A Guía Docente do Traballo Fin de Grao na Facultade de Química establece que a Comisión de Traballo do Fin de Grao debe facer públicos os criterios de avaliación para os informes dos titores de TFG e os tribunais de avaliación. De acordo co anterior, a Comisión do TFG establece os seguintes criterios de avaliación para o curso 2014/2015:

1. CRITERIOS DE AVALIACION PARA OS INFORMES DOS TITORES DE TFG:

Os titores de Traballos fin de Grao entregarán un informe de avaliación do TFG segundo os seguintes apartados e porcentaxes:

1.A. Dedicación e aprendizaxe (50%): Neste apartado avaliarase, entre outros, a dedicación do estudante ao traballo de TFG, a súa atención ás normas de traballo no laboratorio, a súa capacidade de traballar de forma ordenada, a súa destreza no traballo experimental, a súa habilidade no emprego de programas informáticos e a súa capacidade para empregar distintas fontes de información.

1.B. Autonomía e iniciativa (50%): Neste apartado avaliarase, entre outros, a capacidade do estudante para organizar e executar as tarefas propostas, a súa capacidade para xestionar o tempo, a súa capacidade para interpretar os resultados obtidos e obter conclusións dos mesmos e a súa capacidade de aportar ideas orixinais.

A cualificación de cada apartado debe ser entre 0 e 10 puntos, expresada con un decimal, e a cualificación global do/s titor/es obterase como media aritmética das cualificacións dos apartados. O informe do/s titor/es (Anexo I) deberá entregarse dentro dun sobre pechado co nome do estudante no Decanato da Facultade dentro do prazo establecido pola Comisión do TFG.

2. CRITERIOS DE AVALIACION PARA OS TRIBUNAIS DE TFG:

A avaliación da memoria escrita e da presentación e defensa da mesma por parte dos tribunais de TFG farase segundo os seguintes apartados e porcentaxes:

2.A. Memoria (50%): Neste apartado avaliaranse, entre outros, a orde e claridade na exposición dos obxectivos propostos, da metodoloxía empregada e dos resultados obtidos, a adecuación entre o traballo realizado e os obxectivos propostos e a coherencia entre a análise de resultados e as conclusións obtidas. Avaliaranse tamén aspectos formais como a adecuada organización dos apartados da memoria, a calidade da redacción e a ortografía e o emprego axeitado da bibliografía ao longo da memoria. Valorarase, de selo caso, o emprego do inglés na realización da memoria.

2.B. Exposición e defensa (50%): Neste apartado avaliarase, entre outros, o orden e a claridade da exposición oral, a coherencia da presentación oral coa memoria escrita e o axuste ao tempo dispoñible, a capacidade para responder de forma clara e precisa as cuestións plantexadas polo tribunal sobre o tema de traballo, o emprego rigoroso da linguaxe científica, a madurez das respostas e a capacidade para establecer relacións entre contidos de distintos ámbitos da química. Valorarase, de selo caso, o emprego do inglés na exposición e defensa do traballo.

A cualificación de cada apartado debe ser entre 0 e 10 puntos, expresada con un decimal e a cualificación global obterase como media aritmética das cualificacións dos apartados. Cada membro do tribunal de TFG deberá cubrir un documento de avaliación (Anexo II) para cada un dos TFG presentados.

3. CUALIFICACION DA MATERIA TRABAJO FIN DE GRAO

De acordo coa Normativa do TFG da Facultade de Química o informe do/s titor/es representará o 30% da cualificación da materia Trabajo Fin de Grao e a avaliación do tribunal representará o 70%, polo que a cualificación global obterase como media ponderada das cualificacións dos apartados anteriores. Para obter esta cualificación global, os tribunais de avaliación abrirán o informe do/s titor/es despois de que o estudante teña realizado a presentación e defensa do TFG.

Os tribunais de avaliación cubrirán unha acta de cualificación para cada TFG (Anexo III) onde farase constar a cualificación global obtida. Con cada acta de cualificación deben achegarse o informe do/s titor/es e as avaliacións de todos os membros do tribunal.

Para aqueles traballos con cualificación igual ou superior a 9.0, cada tribunal debe indicar os estudantes para os que se propón a cualificación de Matrícula de Honra. De acordo con Normativa de TFG, para a concesión das Matrículas de Honra deberán reunirse os presidentes dos tribunais e, unha vez revisados os informes de avaliación, decidir sobre a procedencia da súa concesión. Os presidentes dos tribunais poderán incluso, de consideralo necesario, organizar reunións adicionais conxuntas dos tribunais de avaliación para decidir a concesión.

4. ANEXOS

ANEXO I: Impreso para o Informe do/s Titor/es de Trabajo Fin de Grao

ANEXO II: Impreso para a Avaliación da Presentación e Defensa do Trabajo Fin de Grao

ANEXO III: Acta de Cualificación do Trabajo Fin de Grao

INFORME DO/S TITOR/ES DE TRABALLO FIN DE GRAO

CURSO: /

Datos do estudante:

Nome e apelidos:
Título do Traballo Fin de Grao:

Datos do titor/es:

Nome e apelidos do titor:
Nome e apelidos do cotitor:

Avaliación do/s titor/es:

DEDICACION E APRENDIZAXE (50%)	
(Neste apartado avaliarase, entre outros, a dedicación do estudante ó traballo de TFG, a atención ás normas de traballo no laboratorio, a capacidade de traballar de forma ordenada, a destreza no traballo experimental, a habilidade no emprego de programas informáticos e a capacidade para empregar distintas fontes de información)	
AUTONOMIA E INICIATIVA (50%)	
(Neste apartado avaliarase, entre outros, a capacidade do estudante para organizar e executar as tarefas propostas, a capacidade para xestionar o tempo, a capacidade para interpretar os resultados obtidos e obter conclusións dos mesmos e a capacidade de aportar ideas orixinais)	
CUALIFICACION GLOBAL DO/S TITOR/ES	

A cualificación de cada apartado debe ser entre 0 e 10 puntos, expresada cun decimal.

A cualificación global obterase como media ponderada das cualificacións dos apartados segundo as porcentaxes indicadas na táboa.

Este documento constitúe a autorización do titor/es para a presentación do devandito Traballo Fin de Grao.

Este documento debe entregarse dentro dun sobre pechado co nome do estudante no Decanato da Facultade dentro do prazo establecido pola Comisión do TFG.

Vigo, de de

Sinatura do titor

Sinatura do cotitor

Observacións ou aclaracións adicionais:

AVALIACION DA PRESENTACION E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO

CURSO: /

Datos do estudante:

Nome e apelidos:
Título do Traballo Fin de Grao:

Datos do membro do tribunal:

Nome e apelidos:

Avaliación da presentación e defensa do Traballo Fin de Grao:

MEMORIA (50%)	
(Neste apartado avaliaranse, entre outros, a orde e claridade na exposición dos obxectivos propostos, da metodoloxía empregada e dos resultados obtidos, a adecuación entre o traballo realizado e os obxectivos propostos e a coherencia entre a análise de resultados e as conclusións obtidas. Tamén avaliaranse aspectos formais como a adecuada organización dos apartados da memoria, a calidade da redacción e a ortografía e o emprego axeitado da bibliografía ao longo da memoria. Valorarase, de selo caso, o emprego do inglés na realización da memoria)	
EXPOSICION E DEFENSA (50%)	
(Neste apartado avaliarase, entre outros, o orden e a claridade da exposición oral, a coherencia da presentación oral coa memoria escrita e o axuste ao tempo dispoñible, a capacidade para responder de forma clara e precisa as cuestións plantexadas polo tribunal sobre o tema de traballo, o emprego rigoroso da linguaxe científica, a madurez das respostas e a capacidade para establecer relacións entre contidos de distintos ámbitos da química. Valorarase, de selo caso, o emprego do inglés na exposición e defensa do traballo)	
CUALIFICACION GLOBAL DA PRESENTACION E DEFENSA	

Cada membro do tribunal de avaliación debe cubrir un documento de avaliación.

A cualificación de cada apartado debe ser entre 0 e 10 puntos, expresada cun decimal.

A cualificación global obterase como media ponderada das cualificacións dos apartados segundo as porcentaxes indicadas na táboa.

Vigo, de de

Sinatura do membro do tribunal

PRESIDENTE DO TRIBUNAL DE AVALIACION DO TRABALLO FIN DE GRAO

Observacións ou aclaracións adicionais:

ACTA DE CUALIFICACION DO TRABALLO FIN DE GRAO

CURSO: /

Datos do estudante:

Nome e apelidos:
Título do Traballo Fin de Grao:

Cualificación do Traballo Fin de Grao:

Cualificación do/s titor/es (30%):				
Cualificación do tribunal (70%):				
CUALIFICACION DO TRABALLO FIN DE GRAO:		<table border="1" style="display: inline-table; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="padding: 5px;">MH</td> <td style="width: 20px;"></td> </tr> </table>	MH	
MH				

A cualificación de cada apartado debe ser entre 0 e 10 puntos, expresada cun decimal.

A cualificación global obterase como media ponderada das cualificacións dos apartados segundo as porcentaxes indicadas na táboa.

Para aqueles traballos con cualificación igual ou superior a 9.0, o tribunal debe indicar os estudantes para os que se propón a cualificación de Matrícula de Honra.

Con esta Acta de Cualificación deben achegarse o informe do/s titor/es e as avaliacións de todos os membros do tribunal.

Vigo, de de

O Presidente

O Secretario

O Vogal

.....

.....

.....

Sinaturas dos membros do tribunal

Observacións ou aclaracións adicionais: